

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A ENTIDADE RÍAS  
BAIXAS DE COMUNICACIÓN, SA, EDITORA DO XORNAL "ATLÁNTICO", PARA  
ELABORAR E PUBLICAR INFORMACIÓN RELACIONADA CON ESTRATEXIAS,  
PROGRAMAS E/OU INICIATIVAS DA CONSELLERÍA QUE RESULTEN DE INTERESE  
PARA A CIDADANÍA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas pola Orde do 23/03/2022, DOG núm. 63 do 31/03/2022, sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería, **DECLARA:**

Que esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación formalizou coa entidade RÍAS BAIXAS DE COMUNICACIÓN, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 22 de marzo ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a entidade Rías Baixas de Comunicación, SA para elaborar e publicar dúas reportaxes ou entrevistas relacionadas coa innovación, a dinamización empresarial ou aquelas materias vencelladas coa consellería.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

Secretaría Xeral Técnica  
Edificio administrativo de San Caetano s/n, Bloque 5  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfonos: 881 995 663, 981 545 522  
licitación.industria@xunta.gal





Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas e desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar a información e o coñecemento da situación actual da investigación, da industria (incluída a forestal), do comercio, do consumo, da eficiencia enerxética, da innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para a vida cotiá dos cidadáns.

Por outra banda, a entidade Rías Baixas de Comunicación, SA realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da competencia dela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e, a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, considérase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral técnico

